



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP. DE FIGUEIROA

Avda. de Santiago, 101 Telf./Fax.: 986 57 00 56

36681 A Estrada (Pontevedra) ceip.figueiroa@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdefigueiroa>

PROGRAMA DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA 2010

O Ministerio de Educación convocou, en cooperación coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o **Programa de inmersión lingüística** a desenvolver no **outono de 2010** en distintos puntos da xeografía española e dirixido ao **alumnado de 6º de educación primaria** escolarizado en **centros públicos**, coa finalidade de promover a aprendizaxe da lingua inglesa e a convivencia durante períodos semanais con alumnado doutras comunidades autónomas fóra do seu contorno escolar.

A selección dos centros foi realizada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, seguindo os criterios establecidos na convocatoria (Resolución do 21 de abril de 2010, da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional - BOE do 3-05-2010. Os centros seleccionados recibirán **axudas para o financiamento da actividade na súa totalidade**, antes da súa realización e segundo o establecido na convocatoria.

O Ceip. de Figueiroa participará neste programa de inmersión que se desenvolverá entre o 10 e o 16 de outubro en EL SOTO DEL BOÑAR (LEÓN) en convivencia con outro centro educativo de Asturias: CP. LOS CAMPOS (GIJÓN).

O número de prazas subvencionadas serán 25 para alumnos/as e irán acompañados das dúas profesoras de inglés.

O Consello Escolar reunido o día 16 de setembro aprobou as bases que regularán a selección dos alumnos/as debido ao maior número de alumnos/as matriculados que prazas ofertadas.